


ACTIVIDADES da BIBLIOTECA

- * Exposición “Día contra a violencia de xénero” (25 de Novembro) xunto co Departamento de Orientación.
- * Conmemoración do Ano do poeta Miguel Hernández.
- * Concurso de Relatos Curtos “Viaxe a Laponia”. Os gañadores serán anunciados durante a gala de “Fin de Ano” do día 21 de Decembro.
- * Deseño de Marcapáxinas de Nadal.
- * Exposición de libros recomendados para as vacacións de Nadal.
- * Creación dunha árbore de Nadal a base de postais turísticas.
- * Exposición sobre “O fotógrafo español de Mauthausen” polo Día Internacional da Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto (27 de Xaneiro) xunto co Departamento de Debuxo.
- * Obradoiro de Origami (papiroflexia) “1.000 Grullas”, co Departamento de Relixión de E. Primaria.
- * Exposición sobre os conflitos mundiais e os campos de refuxiados para o Día da Paz (30 de Xaneiro).

COMO DEBUXAR UN PAPÁ NOEL



Mira máis deseños en www.hellohappystudio.com




<http://bibliocpidomingofontan.blogspot.com.es/>



NOVEDADES

- * **“El Monstruo”** de D. Martín e R. Trigo. Interesante para falar sobre a violencia de xénero en Primaria.
- * Novos tomos da colección de Manga **“Naruto”** (xa temos do 1 ao 15, bota unha ollada aos andeis de Cómic da Biblio... e lembra que o Manga léese de atrás a diante!!!).
- * **“Mirabilia eres tú”** de C. Roset e M. Nonó e **“Dautremer (y viceversa)”** de R. Dautremer dous fermosísimos libros de ilustración.
- * **“Amor y asco”** de @SRTABEBI, o libro de prosa poética dunha das tuiteras (de identidade descoñecida) máis famosas e polémicas do momento.
- * **“Deportado 4443”** de C. Hernández e I. Ensis (ilustrador) que conta en forma de cómic a terrible historia dos españois prisioneiros dos campos de concentración nazi.
- * O primeiro libro da saga **“Oscuros”** de L. Kate, unha novela sobre anxos caídos, onde a protagonista (Luce) está condeada a reencarnarse unha e outra vez por mor dunha terrible maldición...
- * **“Animalium”** e **“Curiosa Naturaleza”** dous interesantes libros sobre o debuxo da Natureza que recollen máis de 100 especies e a súa evolución.
- * Ademais hai novos libros das divertidas aventuras de **“Geronimo Stilton”**... poderás atopalos na súa zona na biblio baixo os ventancais (pregunta aos profes encargados!).



Consellos “ALFIN”: Bibliografía

Cando hai que entregar un traballo por escrito debe incluír unha Bibliografía, é dicir, unha referencia (en orde alfabética) dos libros, artigos e páxinas web máis relevantes empregados como fonte de información para a súa realización.

Existen distintos estilos de citar a bibliografía, aínda que é comunmente aceptada a seguinte:

* **Para Libros**

APELIDOS do autor en maiúscula seguido dunha coma e a inicial do nome do autor. O título do libro en cursiva. A editorial, o lugar e a data de publicación.

Por exemplo: GARCÍA MÁRQUEZ, G. *El amor en los tiempos del cólera*. Ed. Mondadori. Madrid, 1989.

Se son máis de dous autores é posible poñer A.A.V.V. (autores varios).

* **Para artigos de revistas**

APELIDOS e nome do autor. Título do artigo entre comillas. Título da revista en cursiva. Nº da edición, lugar e data da publicación.

Por exemplo: RAMÍREZ GARCÍA, B. “La piedra de Rosetta”. *Historia. National Geographic*. nº44. RBA Grupo Editorial. Barcelona, 2007.

* **Para páxinas web**

A dirección completa e a data da derradeira visita.

Por exemplo: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidomingofontanportas/> (Consultada o 15/11/2017).

Existen xestores informáticos de referencias bibliográficas que son de gran axuda cando as fontes consultadas son moi numerosas. Un exemplo é ZOTERO, libre, aberto e gratuito:

Para máis información visita: <https://www.zotero.org/>